

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2021/10

DATA: xoves 30 de setembro de 2021

LUGAR: salon de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 20:33 h

PRESIDE alcaldesa accidental MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SECRETARÍA accidental VICENTA AVELINA CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
ADELINA CES QUINTANS
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
MARIANO MOARES RIAL
GERMAN ALLUT VIDAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
JULIAN BUSTELO ABUIN
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ
RAQUEL GARCIA ABUIN

OUTROS: (EMPREGADOS PÚBLICOS MUNICIPAIS)
CARLOS CES OZORES

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación Acta nº 9/2021 do Pleno en ordinaria do 29/07/2021
2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 768/2021 DE APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2022

PARTE DE CONTROL

3. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
4. Dación de conta das liñas fundamentais do Orzamento 2022 (LFO 2022)
5. DAR CONTA DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE OS DISCURSOS DE ODIO
6. MOCIÓN DO BNG: MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN SOBRE PESCA DEPORTIVA DO 6 DE AGOSTO DE 2021 NOS PORTOS GALEGOS
7. Rogos e preguntas

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000010 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=TnK8jNR0304>

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTA Nº 9/2021 DO PLENO EN ORDINARIA DO 29/07/2021

A presidencia di que se advertiu un erro na acta, no se reflexa a asistencia ao pleno do concelleiro do grupo municipal Rianxo en Común Julian Bustelo Abuin.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2021 de 29/07/2021.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/07/2021, Acta nº 9/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa corrección do erro sinalado, resultando APROBADA

2 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 768/2021 DE APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2022

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 20 de setembro de 2021, ditase a Resolución número 768/2021 que a continuación se transcribe

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2022

Visto que o concello de Rianxo ten que comunicar a maior brevidade posible ao SMAC da Coruña (sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2022, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores que di:

2. Las fiestas laborales, que tendrán carácter retribuido y no recuperable, no podrán exceder de catorce al año, de las cuales dos serán locales. En cualquier caso se respetarán como fiestas de ámbito nacional las de la Natividad del Señor, Año Nuevo, 1 de mayo, como Fiesta del Trabajo, y 12 de octubre, como Fiesta Nacional de España

e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: *“serán tamén inhábiles para o*

traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia”.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2022, os seguintes días:

- **15 de xullo de 2022: Festas do Carme**
- **16 de setembro de 2022: Venres de Guadalupe.**

SEGUNDO

Comunicar esta resolución ao SMAC da Coruña (Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, aos efectos da ratificación do presente acordo.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 23/09/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2022, os seguintes días:

- **15 de xullo de 2022: Festas do Carme**
- **16 de setembro de 2022: Venres de Guadalupe.**

SEGUNDO

Comunicar esta resolución ao SMAC da Coruña (Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación)

da Consellería de Emprego e Igualdade, para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, aos efectos da ratificación do presente acordo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/07/2021 ata o 31/08/2021, que comprenden os números 564/2021 ao 725/2021, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 12 da Sesión ordinaria do día 01/07/2021
- Acta nº 13 da Sesión ordinaria do día 15/07/2021
- Acta nº 14 da Sesión ordinaria do día 05/08/2021
- Acta nº 15 da Sesión ordinaria do día 19/08/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

4 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2022 (LFO 2022)

EXPTE.: 2021/X998/000176

Dáse lectura da proposta presentada:

O 14/09/2021 ditei a Resolución da Alcaldía núm. 755/2021, pola que se aproban as Liñas fundamentais do Orzamento de 2022. En aplicación do punto segundo do acordo, dáselle conta ao Pleno do dito documento, que se transcribe a continuación.

O artigo 13.3 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece o seguinte:

“Con carácter anual remitirase a seguinte información:

(...)

3. Antes do 15 de setembro, as liñas fundamentais dos orzamentos para ao exercicio seguinte, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e, polo menos, a seguinte información:

a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean

b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme a normas do sistema europeo de contas

c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e a posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas

d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedentes

e) Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente

f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do marco orzamentario establecido no artigo 6. No caso de producirse as ditas diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada ao dito marco orzamentario”

1. CONTEXTO PARA A ELABORACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO (LFO) 2021

A elaboración neste momento das LFO realízase no seguinte contexto:

1. Como consecuencia da aprobación da Ponencia de valores en 2012, ata o ano 2022 o valor catastral das vivendas afectadas incrementábase debido á redución do coeficiente reductor que permite incrementar de modo progresivo o aumento de valor do inmovible. De igual modo que

nos últimos exercicios, non está previsto que se reduza o tipo de gravame do imposto para reducir o impacto do IBI. Non obstante, debido a dificultades coa aplicación de xestión tributaria, actualmente, non se dispón dunha estimación fidedigna do impacto desta medida no padrón. Por este motivo, non se cuantifica o impacto económico desta medida, que debería figurar dentro da *Medida 1: subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias*.

2. Os datos das liñas do orzamento son orientativos, unicamente pretenden amosar tendencias.

2. CONTIDO DAS LFO

2.1 Definición das principais políticas que inspiran o orzamento, con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean

Os datos correspondentes ao exercicio 2021 son os incluídos no proxecto de Orzamento 2021, asinado o 15/08/2021.

As principais hipóteses que sustentan as previsións do 2022 son:

- Incremento do padrón do Ibi pola aplicación do incremento da base liquidable a raíz da Ponencia de valores de 2012. Como se indicou nos antecedentes, non se dispón de datos fidedignos, pero considérase prudente un incremento de 134.000 €, que comprende o impacto da Ponencia de valores, como posibles altas no padrón.
- Está previsto un incremento das tarifas do IVTM nunha porcentaxe aproximada do 3 por cento.
- Non se teñen en conta os ingresos extraordinarios dos impostos previstos para 2021: 60.000 € derivados da regularización da facturación con Viaqua pola venda da auga do Ulla.
- En 2022 finaliza o período de suspensión da taxa pola ocupación do dominio público con mesas e cadeiras, que afectou aos exercicio 2020 e 2021, para paliar os efectos que supuxo a pandemia da COVID na hostalaría.
- Está prevista a aprobación dunha nova Ordenanza Fiscal que regule a taxa pola ocupación do dominio público polo mercado ambulante.
- Non se estima ningún incremento para a participación nos tributos do Estado por un principio de prudencia.

2.2 Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e dos gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas

Como se pode observar, as previsións son de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria en 2022.

2.3 Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e a posterior liquidación como ao resto dos ingresos nas súas principais rúbricas

Ingresos	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Ingresos correntes	7,964,066.00	-1.09%	7,877,439.20	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	7,952,966.00	-1.16%	7,860,699.20	
Derivados de modificación de políticas	11,100.00	-100.00%	16,740.00	Nota: non hai datos do incremento da recadación do IBI pola ponencia de valores, nin en 2021 nin en 2022
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	-48,900.00	-100.00%	16,740.00	EV da ordenanza OVP de mesas e cadeiras (17.600 €) e mercado ambulante (31.300 €). Tómanse datos de DRN de 2019 e 2018, respectivamente. Previsión de incremento de tarifas do IVTM en 2022.
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos impoñibles non grabados		0.00%		
Medida 3: Correcto financianemento de taxas e prezos públicos (detallado máis adiante)				
Medida 4: Outras medidas polo lado dos ingresos	60,000.00	-100.00%		Regularización en 2021 da facturación da compra de auga do Ulla
Ingresos de capital	434,155.00	-0.04%	434,000.00	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	434,155.00	-0.04%	434,000.00	
Derivados de modificación de políticas		0.00%		
Ingresos non financeiros	8,398,214.88	-1.03%	8,311,433.08	

Ingresos	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	8,387,121.00	-1.10%	8,294,699.20	
Derivados de modificación de políticas	11,100.00	50.81%	16,740.00	
Ingresos financeiros	253,652.00	-73.75%	66,575.00	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	253,652.00		66,575.00	
Derivados de modificación de políticas				
Ingresos totais	8,651,873.00	-3.17%	8,378,014.20	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	8,640,773.00	-3.23%	8,361,274.20	
Derivados de modificación de políticas	11,100.00	-50.81%	16,740.00	

A) Detalle de ingresos correntes	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 1 e 2: impostos directos e indirectos	2,819,676.10	4.26%	2,939,675.47	
IBI	2,059,535.47	6.51%	2,193,535.47	
IAE	76,336.63	0.08%	76,400.00	
IVTM	558,000.00	3.00%	574,740.00	
IIVTNU	60,000.00	-50.00%	30,000.00	Por prudencia, porque non se están executando as previsións
ICIO	65,804.00	-1.22%	65,000.00	
Cesión de impostos do Estado	0.00		0.00	
Ingresos de capítulos 1 e 2 non incluídos anteriormente	0.00		0.00	
Capítulo 3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1,470,013.51	-0.76%	1,458,913.51	En 2022 está prevista a EV da ordenanza OVP de mesas e cadeiras (17.600 €) e mercado ambulante (31.300 €). Tómanse datos de DRN de 2019 e 2018, respectivamente. En 2022 non se teñen en conta os ingresos de exercicios anteriores pola facturación da venda da auga do Ulla

A) Detalle de ingresos correntes	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 4. Transferencias correntes	3,673,376.39	-5.32%	3,477,850.22	
PIE	2,337,140.20	0.00%	2,337,140.20	
Resto de transferencias correntes	1,336,236.19	-14.63%	1,140,710.02	
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	1,000.00	0.00%	1,000.00	
Total de ingresos correntes	7,964,066.00	-1.09%	7,877,439.20	

B) Detalle de ingresos de capital	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 6. Alleamento de investimentos	0.00		0.00	
Capítulo 7. Transferencias de capital	434,155.00	-0.04%	434,000.00	
Total de ingresos de capital	434,155.00	-0.04%	434,000.00	

C) Detalle de ingresos financeiros	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10,000.00	0.00%	10,000.00	
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	243,652.00	-76.78%	56,575.00	Liña de préstamo do POS (previsto que se adique a amortización de débeda)
Total de ingresos financeiros	253,652.00	-73.75%	66,575.00	

2.4 Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente

As principais hipóteses que sustentan as previsións do 2022 son:

- Incremento do capítulo 1 para 2021 como consecuencia da previsión de incremento do persoal municipal (execución das OEP de anos anteriores).
- Non se inclúe a achega municipal prevista en 2021 para as axudas ao tecido empresarial, motivadas pola COVID-19.

- En 2021 venceron os períodos de carencia dos préstamos co Banco de Sabadell. A partir de 2022, os vencementos trimestrais son 4.
- A Deputación Provincial aprobou, novamente, unha ampliación do período de carencia de todos os préstamos provinciais, polo que no 2022 non haberá que realizar ningunha amortización.
- Estimouse que a liña de endebedamento do POS 2022 utilizarase para a amortización extraordinaria de préstamo bancaria para acadar un aforro de xuros.
- A redución de ingresos correntes e o incremento do gasto financeiro obriga a reducir o esforzo investidor a 150.000 €, co fin de non incumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Non obstante, trátase dunha estimación que dependerá

Gastos	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Gastos correntes	7,536,075.00	0.55%	7,577,654.20	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	7,505,609.00	0.96%	7,577,654.20	
Derivados de modificacións de políticas	30,466.00		0.00	
Medida 1: Redución de custos de persoal (redución de soldos ou efectivos)				
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo das empresas públicas tomando en consideración aspectos como o sector da actividade, o volume de negocio, a percepción de fondos públicos				
Medida 3: Limitación dos salarios nos contratos mercantís ou de alta dirección, con identificación do límite das retribucións básicas e dos criterios para a fixación das retribucións variables e complementarias que, en calquera caso, vincularanse a aspectos de competitividade e á consecución de obxectivos que promovan as boas prácticas da xestión empresarial				
Medida 4: Redución do número de conselleiros dos Consellos de Administración das empresas do Sector Público				
Medida 5: Regulación das cláusulas indemnizatorias de acordo á reforma laboral en proceso				
Medida 6: Redución do número e				

Gastos	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
persoal de confianza e a súa acomodación ao tamaño da entidade local				
Medida 7: Contratos externalizados que considerando o seu obxecto poden ser prestados polo persoal municipal actual				
Medida 8: Disolución daquelas empresas que presenten perdas inferiores á 1/2 capital social segundo o artigo 103.2 TRDLVRL, non admitíndose unha ampliación de capital con cargo á entidade local				
Medida 9: Realizar estudo de viabilidade e análise custo/beneficio en todos os contratos de investimentos que vaia a realizar a entidade durante a vixencia do plan antes da súa adxudicación, sendo requisito preceptivo para celebrar o contrato				
Medida 10: Redución da celebración de contratos menores (primarase o requisito do menor prezo de licitación)				
Medida 11: Redución de cargas administrativas aos cidadáns e ás empresas				
Medida 12: Modificación da organización da corporación local				
Medida 13: Redución da estrutura organizativa da entidade local				
Medida 14: Redución da prestación de servizos de tipo non obrigatorios				
Medida 15: Outras medidas polo lado dos gastos correntes	30,466.00			Axudas ao tecido empresarial polos efectos económicos da pandemia da COVID
Gastos de capital	885,280.00	-34.03%	584,000.00	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	885,280.00	-34.03%	584,000.00	
Derivados de modificacións de políticas	0.00		0.00	
Medida 16: Non execución do investimento previsto inicialmente				
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital				
Gastos non financeiros	8,421,355.00	-3.08%	8,161,654.20	

Gastos	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	8,390,889.00	-2.73%	8,161,654.20	
Derivados de modificacións de políticas	30,466.00		0.00	
Gastos financeiros	230,518.00	12.20%	258,642.38	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	230,518.00	12.20%	258,642.38	
Derivados de modificacións de políticas	0.00		0.00	
Gastos totais	8,651,873.00	-2.68%	8,420,296.58	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	8,621,407.00	-2.33%	8,420,296.58	
Derivados de modificacións de políticas	30,466.00		0.00	

A) Detalle dos gastos correntes	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 1. Gastos de persoal	3,164,297.00	1.00%	3,195,939.97	Previsión de incremento do cadro de persoal
Capítulo 2. Gastos en bens correntes e servizos	4,040,223.00	1.00%	4,080,625.23	
Capítulo 3. Gastos financeiros	18,000.00	0.00%	18,000.00	
Capítulo 4. Transferencias correntes	313,555.00	-9.72%	283,089.00	Non se inclúen en 2022 os créditos para as axudas do PEL Reactiva (30.466 €)
Capítulo 5. Fondo de continxencia	0.00		0.00	
Total de gastos correntes	7,536,075.00	0.55%	7,577,654.20	

B) Detalle dos gastos de capital	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 6. Investimentos reais	885,280.00	-34.03%	584,000.00	En 2022 estímase un esforzo investidor de 150.000 €
Capítulo 7. Transferencias de capital	0.00			
Total de gastos de capital	885,280.00	-34.03%	584,000.00	

C) Detalle dos gastos financeiros	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 8. Activos financeiros	10,000.00	0.00%	10,000.00	
Achegas patrimoniais	0.00		0.00	
Outros gastos en activos financeiros	10,000.00	0.00%	10,000.00	
Capítulo 9. Pasivos financeiros	220,518.00	12.75%	248,642.38	Amortización dos préstamos e posible amortización extraordinaria coa liña de préstamo do POS.
Total de gastos financeiros	230,518.00	12.20%	258,642.38	

2.5 Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente

Non se dan.

2.6 Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do marco orzamentario establecido no artigo 6. No caso de producirse as ditas diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada ao dito marco orzamentario

Por un principio de prudencia, considérase un axuste SEC negativo de -100.000 €, a pesar de que esta magnitude estímase positiva en 2021.

Saldos e outras magnitudes	Ano 2021 (€)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (€)
Saldo operacións correntes	427,991.00	-1.64%	299,785.00
Derivados da evolución tendencial	447,357.00	-1.91%	299,785.00
Derivados de modificacións políticas	-19,366.00	-100.00%	0.00
Saldo operacións de capital	-451,125.00	34.00%	-150,000.00
Derivados da evolución tendencial	-451,125.00	-66.75%	-150,000.00
Derivados de modificacións políticas	0.00		0.00
Saldo operacións non financeiras	-23,134.00	-747.47%	149,785.00
Derivados da evolución tendencial	-3,768.00	-4075.19%	149,785.00

Saldos e outras magnitudes	Ano 2021 (€)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (€)
Derivados de modificacións políticas	-19,366.00		0.00
Saldo operacións financeiras	23,134.00	-685.69%	-135,492.38
Derivados da evolución tendencial	23,134.00		-135,492.38
Derivados de modificacións políticas	0.00	0.00%	0.00
Saldo operacións non financeiras	-23,134.00	-747.47%	149,785.00
SEC	321,766.00	-131.08%	-100,000.00
Capacidade o necesidade de financiación	298,632.00	-83.33%	49,785.00
Derivados de modificacións políticas	321,766.00	-131.08%	-100,000.00
CP			
LP	2,804,225.28	-8.35%	2,570,142.83
Ratio débeda viva/ingresos correntes	0.3521	-7.34%	0.3263

Para calcular o nivel de endebedamento, tivéronse en conta os datos seguintes:

Ptmo	CV 31/12/2021	Períodos de amortización ptes	Amortización ordinaria prevista en 2022	Amortización extraordinaria prevista en 2022	Amortización total prevista en 2022	CV 31/12/2022
Pazo de Rianxiño	1,286,928.99	29	177,507.45	56,575.00	234,082.45	1,052,846.54
Renovación do alumeado pº	174,719.16	12	14,559.93			174,719.16
PAI 2015	204,423.20		0.00			204,423.20
PAI 2016	222,852.95		0.00			222,852.95
POS 2017	223,040.21		0.00			223,040.21
POS 2018	242,790.30		0.00			242,790.30
POS 2019	187,078.56		0.00			187,078.56
POS 2020	205,817.02		0.00			205,817.02
POS 2021	56,574.89		0.00			56,574.89
POS 2022 (estimación)	56,575.00		0.00			56,575.00
Total	2,804,225.28		192,067.38			2,570,142.83

Como resultado das estimacións anteriores:

- O orzamento 2022 non presenta déficit.


Saldos e outras magnitudes	Ano 2021 (€)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (€)
Íngresos totais	8,651,873.00	-0.03	8,378,014.20
Gastos totais	8,651,873.00	-0.03	8,363,721.58
Resultado orzamentario	0.00	0.00%	14,292.62

- O saldo de operacións correntes é suficiente para financiar os saldo financeiro (operacións de endebedamento) e o saldo de operacións de capital (o esforzo investidor municipal).


Saldos e outras magnitudes	Ano 2021 (€)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (€)
Saldo operacións correntes	427,991.00	9.59%	299,785.00
Saldo operacións de capital	-451,125.00	-0.76%	-150,000.00
Saldo operacións financeiras	23,134.00	-685.69%	-135,492.38
Saldo orzamentario	0.00		14,292.62

SALDOS ORZAMENTARIOS


LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022



- Como consecuencia do anterior, o aforro neto prevese positivo, aínda que inferior ao previsto no 2021. Esta estimación realizouse considerando como gasto financeiro o gasto orzamentario de 2022, en lugar da anualidade teórica de amortización, considerada na definición legal desta magnitude.



- Estímase unha situación de estabilidade orzamentaria.



3. CONCLUSIÓNS

Como se pode observar, as estimacións de ingresos e gastos das LFO son compatibles co obxectivo de estabilidade orzamentaria e nivel de débeda.

Polo exposto, en exercicio das competencias que me atribúe a normativa vixente, en especial o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de bases de réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar as liñas fundamentais do orzamento de 2022 que se concreta nas seguintes táboas:

Ingresos	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Ingresos correntes	7,964,066.00	-1.09%	7,877,439.20	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	7,952,966.00	-1.16%	7,860,699.20	
Derivados de modificación de políticas	11,100.00	-100.00%	16,740.00	Nota: non hai datos do incremento da recadación do IBI pola ponencia de valores, nin en 2021 nin en 2022
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	-48,900.00	-100.00%	16,740.00	EV da ordenanza OVP de mesas e cadeiras (17.600 €) e mercado ambulante (31.300 €). Tómanse datos de DRN de 2019 e 2018, respectivamente. Previsión de incremento de tarifas do IVTM en 2022.
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos impositivos non grabados		0.00%		
Medida 3: Correcto financianemento de taxas e prezos públicos (detallado máis adiante)				
Medida 4: Outras medidas polo lado dos ingresos	60,000.00	-100.00%		Regularización en 2021 da facturación da compra de auga do Ulla
Ingresos de capital	434,155.00	-0.04%	434,000.00	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	434,155.00	-0.04%	434,000.00	
Derivados de modificación de políticas		0.00%		
Ingresos non financeiros	8,398,214.88	-1.03%	8,311,433.08	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	8,387,121.00	-1.10%	8,294,699.20	
Derivados de modificación de políticas	11,100.00	50.81%	16,740.00	

Ingresos	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Ingresos financeiros	253,652.00	-73.75%	66,575.00	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	253,652.00		66,575.00	
Derivados de modificación de políticas				
Ingresos totais	8,651,873.00	-3.17%	8,378,014.20	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	8,640,773.00	-3.23%	8,361,274.20	
Derivados de modificación de políticas	11,100.00	-50.81%	16,740.00	

A) Detalle de ingresos correntes	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 1 e 2: impostos directos e indirectos	2,819,676.10	4.26%	2,939,675.47	
IBI	2,059,535.47	6.51%	2,193,535.47	
IAE	76,336.63	0.08%	76,400.00	
IVTM	558,000.00	3.00%	574,740.00	
IIVTNU	60,000.00	-50.00%	30,000.00	Por prudencia, porque non se están executando as previsións
ICIO	65,804.00	-1.22%	65,000.00	
Cesión de impostos do Estado	0.00		0.00	
Ingresos de capítulos 1 e 2 non incluídos anteriormente	0.00		0.00	
Capítulo 3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1,470,013.51	-0.76%	1,458,913.51	En 2022 está prevista a EV da ordenanza OVP de mesas e cadeiras (17.600 €) e mercado ambulante (31.300 €). Tómanse datos de DRN de 2019 e 2018, respectivamente. En 2022 non se teñen en conta os ingresos de exercicios anteriores pola facturación da venda da auga do Ulla
Capítulo 4. Transferencias correntes	3,673,376.39	-5.32%	3,477,850.22	
PIE	2,337,140.20	0.00%	2,337,140.20	
Resto de transferencias correntes	1,336,236.19	-14.63%	1,140,710.02	

A) Detalle de ingresos correntes	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	1,000.00	0.00%	1,000.00	
Total de ingresos correntes	7,964,066.00	-1.09%	7,877,439.20	

B) Detalle de ingresos de capital	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 6. Alleamento de investimentos	0.00		0.00	
Capítulo 7. Transferencias de capital	434,155.00	-0.04%	434,000.00	
Total de ingresos de capital	434,155.00	-0.04%	434,000.00	

C) Detalle de ingresos financeiros	Ano 2021 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2022/21	Ano 2022 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10,000.00	0.00%	10,000.00	
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	243,652.00	-76.78%	56,575.00	Liña de préstamo do POS (previsto que se adique a amortización de débeda)
Total de ingresos financeiros	253,652.00	-73.75%	66,575.00	

Gastos	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Gastos correntes	7,536,075.00	0.55%	7,577,654.20	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	7,505,609.00	0.96%	7,577,654.20	
Derivados de modificacións de políticas	30,466.00		0.00	
Medida 1: Redución de custos de persoal (redución de soldos ou efectivos)				
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo das empresas públicas tomando en consideración aspectos como o sector da actividade,				

Gastos	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
o volume de negocio, a percepción de fondos públicos				
Medida 3: Limitación dos salarios nos contratos mercantís ou de alta dirección, con identificación do límite das retribucións básicas e dos criterios para a fixación das retribucións variables e complementarias que, en calquera caso, vincularanse a aspectos de competitividade e á consecución de obxectivos que promovan as boas prácticas da xestión empresarial				
Medida 4: Redución do número de conselleiros dos Consellos de Administración das empresas do Sector Público				
Medida 5: Regulación das cláusulas indemnizatorias de acordo á reforma laboral en proceso				
Medida 6: Redución do número e persoal de confianza e a súa acomodación ao tamaño da entidade local				
Medida 7: Contratos externalizados que considerando o seu obxecto poden ser prestados polo persoal municipal actual				
Medida 8: Disolución daquelas empresas que presenten perdas inferiores á 1/2 capital social segundo o artigo 103.2 TRDLVRL, non admitíndose unha ampliación de capital con cargo á entidade local				
Medida 9: Realizar estudo de viabilidade e análise custo/beneficio en todos os contratos de investimentos que vaia a realizar a entidade durante a vixencia do plan antes da súa adxudicación, sendo requisito preceptivo para celebrar o contrato				
Medida 10: Redución da celebración de contratos menores (primarase o requisito do menor prezo de licitación)				
Medida 11: Redución de cargas administrativas aos cidadáns e ás empresas				
Medida 12: Modificación da organización da corporación local				

Gastos	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Medida 13: Redución da estrutura organizativa da entidade local				
Medida 14: Redución da prestación de servizos de tipo non obrigatorios				
Medida 15: Outras medidas polo lado dos gastos correntes	30,466.00			Axudas ao tecido empresarial polos efectos económicos da pandemia da COVID
Gastos de capital	885,280.00	-34.03%	584,000.00	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	885,280.00	-34.03%	584,000.00	
Derivados de modificacións de políticas	0.00		0.00	
Medida 16: Non execución do investimento previsto inicialmente				
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital				
Gastos non financeiros	8,421,355.00	-3.08%	8,161,654.20	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	8,390,889.00	-2.73%	8,161,654.20	
Derivados de modificacións de políticas	30,466.00		0.00	
Gastos financeiros	230,518.00	12.20%	258,642.38	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	230,518.00	12.20%	258,642.38	
Derivados de modificacións de políticas	0.00		0.00	
Gastos totais	8,651,873.00	-2.68%	8,420,296.58	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	8,621,407.00	-2.33%	8,420,296.58	
Derivados de modificacións de políticas	30,466.00		0.00	

A) Detalle dos gastos correntes	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 1. Gastos de persoal	3,164,297.00	1.00%	3,195,939.97	Previsión de incremento do cadro de persoal

A) Detalle dos gastos correntes	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 2. Gastos en bens correntes e servizos	4,040,223.00	1.00%	4,080,625.23	
Capítulo 3. Gastos financeiros	18,000.00	0.00%	18,000.00	
Capítulo 4. Transferencias correntes	313,555.00	-9.72%	283,089.00	Non se inclúen en 2022 os créditos para as axudas do PEL Reactiva (30.466 €)
Capítulo 5. Fondo de continxencia	0.00		0.00	
Total de gastos correntes	7,536,075.00	0.55%	7,577,654.20	

B) Detalle dos gastos de capital	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 6. Investimentos reais	885,280.00	-34.03%	584,000.00	En 2022 estímase un esforzo investidor de 150.000 €
Capítulo 7. Transferencias de capital	0.00			
Total de gastos de capital	885,280.00	-34.03%	584,000.00	

C) Detalle dos gastos financeiros	Ano 2021 (estimación das obrigas recoñecidas netas)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (estimación dos créditos iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Capítulo 8. Activos financeiros	10,000.00	0.00%	10,000.00	
Achegas patrimoniais	0.00		0.00	
Outros gastos en activos financeiros	10,000.00	0.00%	10,000.00	
Capítulo 9. Pasivos financeiros	220,518.00	12.75%	248,642.38	Amortización dos préstamos e posible amortización extraordinaria coa liña de préstamo do POS.
Total de gastos financeiros	230,518.00	12.20%	258,642.38	

Saldos e outras magnitudes	Ano 2021 (€)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (€)
Saldo operacións correntes	427,991.00	-1.64%	299,785.00
Derivados da evolución tendencial	447,357.00	-1.91%	299,785.00
Derivados de modificacións políticas	-19,366.00	-100.00%	0.00

Saldos e outras magnitudes	Ano 2021 (€)	% taxa variación 2021/22	Ano 2022 (€)
Saldo operacións de capital	-451,125.00	34.00%	-150,000.00
Derivados da evolución tendencial	-451,125.00	-66.75%	-150,000.00
Derivados de modificacións políticas	0.00		0.00
Saldo operacións non financeiras	-23,134.00	-747.47%	149,785.00
Derivados da evolución tendencial	-3,768.00	-4075.19%	149,785.00
Derivados de modificacións políticas	-19,366.00		0.00
Saldo operacións financeiras	23,134.00	-685.69%	-135,492.38
Derivados da evolución tendencial	23,134.00		-135,492.38
Derivados de modificacións políticas	0.00	0.00%	0.00
Saldo operacións non financeiras	-23,134.00	-747.47%	149,785.00
SEC	321,766.00	-131.08%	-100,000.00
Capacidade o necesidade de financiación	298,632.00	-83.33%	49,785.00
Derivados de modificacións políticas	321,766.00	-131.08%	-100,000.00
CP			
LP	2,804,225.28	-8.35%	2,570,142.83
Ratio débeda viva/ingresos correntes	0.3521	-7.34%	0.3263

SEGUNDO

Darlle conta deste acordo ao Pleno á Intervención Municipal para que proceda á súa remisión telemática antes do 15 de outubro, a través da Oficina Virtual das EE.LL., de acordo co artigo 13.1 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

5 DAR CONTA DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS DISCURSOS DE ODIO. DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 04 de agosto de 2021 tivo entrada co número de Rexistro 202190000001158, o certificado do acordo plenario da Deputación provincial da Coruña, da Declaración institucional sobre os discurso de odio, que textualmente di:

Declaración Institucional sobre os discursos de odio

Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe pexorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínste da diferenza, e que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, os grupos provinciais propoñemos

1. Que dende todos os grupos políticos da Deputación se faga de xeito unánime á firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.

2. Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc que non deben ter cabida na nosa sociedade.

3. Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente da Deputación Provincial, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade.**RPT-6654259

4. Dar traslado de esta declaración ao resto de institucións públicas de carácter estatal, autonómico e municipal, a fin de que poidan sumarse á mesma e atallar entre todas a proliferación dos discursos de odio na esfera pública.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

6 MOCIÓN DO BNG: MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN SOBRE PESCA DEPORTIVA DO 6 DE AGOSTO DE 2021 NOS PORTOS GALEGOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN SOBRE PESCA DEPORTIVA DO 6 DE AGOSTO DE 2021 NOS PORTOS GALEGOS**, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de agosto publicábase no DOG a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aprobaba o levantamento da prohibición da práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo portuarias e se aprobaba o procedemento de declaración responsable para a súa práctica en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tal resolución nos seus antecedentes sinalaba que, de acordo coa normativa vixente aplicable aos portos e instalacións portuarias e marítimas que sexan da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, está xenericamente prohibida a pesca desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias.

Sendo esta a norma xeral, tanto a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, que tipifica esta actividade como infracción administrativa en materia de portos no seu artigo 131.v), como o artigo 64.c) do Regulamento de servizo e policía portuarios en vigor aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, que prohíbe realizar esta actividade secundaria, prevén como excepción que permita levantar a dita prohibición que a realización da actividade estea

expresamente autorizada.

Esta resolución sen embargo, do mesmo xeito que sinala a propia Confraría de Pescadores de Rianxo e outras do país, xunto a colectivos de pescadores a título individual ou agrupados en colectivos, teñen manifestado o limitada que sae á luz, con importantes eivas e practicamente, imposibilitando a determinados colectivos a realización da actividade.

Entre outros, moi especialmente, afecta aos maiores con difícil acceso físico a algunha das zonas propostas, pola súa perigosidade, así como á esixencia dun seguro ao que dificilmente poderán economicamente soportar pola súa contía ou mesmo pola negativa das aseguradoras a incorporalos pola súa idade.

Estas limitacións á práctica deportiva terán repercusións tamén para un sector económico importante que xeraba postos de traballo e riqueza económica.

E, por iso que sometemos á aprobación plenaria os seguintes

ACORDOS:

1. Revisión e rectificación da resolución do 26 de xullo de 2021 do D.O.G. do venres 6 de Agosto de 2021 de Portos de Galicia, dentro do marco xeográfico de Rianxo cos seguintes trocos:

1.1. Modificación das características do seguro, necesario para a práctica da pesca en zona portuaria, de forma que non se converta nun elemento discriminatorio para as persoas maiores.

1. 2. Habilitación e apertura de novas zonas de pesca nas distintas zonas portuarias de Rianxo ampliando as propostas.

1.3 Presentación, por parte de Portos de Galicia, do informe de riscos no que apoiaron as decisións para habilitar a práctica da pesca deportiva actuais, se existe, e elaboración dun novo informe coa consecuente reorganización das zonas habilitadas, pois consideramos que se sinalaron zonas perigosas e con falta de accesos sobre todo para persoas con mobilidades reducidas, en detrimento de outras que si serían aptas, seguras e compatibles coa actividade portuaria.

1.4. Eliminación da obrigatoriedade de establecer unha separación de 5 metros entre cada pescador.

2. Valoración da repercusión desta medida a nivel económico, social e de emprego dentro da pesca deportiva.

3. Obrigatoriedade de consenso entre os distintos axentes: Confrarías, Asociacións de Pesca e Concellos.

4. Trasladar estes acordos a Portos de Galicia.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

FORA DA ORDEN DO DÍA

Conforme ao disposto no artigo 83 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á ratificación da urxencia polo Pleno a proposta **APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL**, resultando ratificada a urxencia por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse conta da proposta

APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL

Con data 17 de xuño de 2021 con Rexistro de Entrada no 20210000002412 recíbese circular da Deputación provincial da Coruña sobre a elaboración do POS + ADICIONAL 2/2021 por maior achega provincial.

A vista de esta circular na que indica que o POS+ Adicional 2/2021 **aprobase en dúas fases**, e o concello poderá participar nunha fase ou nas dúas.

O Concello de Rianxo por Resolución de Alcaldía nº 577/2021 de data 05/07/2021 solicitou **Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021** co investimento financeiramente sostibles xa incluído no Plan Complementario ao POS+2021, DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA - FASE I.

A vista que na 2ª fase incluíranse novos investimentos financeiramente sostibles financiados con cargo ao POS+ Adicional 2/2021, rematando o prazo de presentación o 1 de outubro de 2021.

Polo tanto é á vista do anteriormente exposto, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO	13.631.56€	8.142,15€	21.773,71€
TOTAL	13.631.56€	8.142,15€	21.773,71€

Maior achega provincial asignada ao concello	257.158,59€
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	243.527,03€
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	13.631.56€

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da

corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓN

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000010 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=TnK8jNR0304>